

## **CONVOCATORIA DE REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**Data:** Xoves, 25 de xuño de 2026  
**Hora de comezo:** 10:00 horas  
**Reunión:** 26/2026

### **CONVOCADOS:**

**Presidenta:** Dona María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do grupo provincial do Partido Popular.

#### **Vogais da Mesa de Contratación:**

- Dona. María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG.
- D. Gregorio Luis Agís Gómez, Deputado do grupo provincial do PSOE
- Dona María Beatriz del Cerro del Río, Secretaria da Deputación
- D. Susana Escaloni Varela, Viceinterventora da Deputación.
- D. María Belén Pampín Camino, Xefe da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

### **ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación das actas das reunións anteriores correspondente ao días, 18 de xuño de 2026 (Reunión ordinaria 23/2026) e 19 de xuño de 2026 (Reunión extraordinaria urxente 24/2026).
2. Dar conta da oferta presentada pola empresa El Progreso de Lugo, S.L. (B27000637) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación de dez publinreportaxes no xornal El Progreso de Lugo. (Expte.- 2026041805).
3. Dar conta da oferta presentada pola empresa Revenidas, S.C. (J94117678) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación de dúas actuacións do grupo Xosé Lois Romero & Aliboria con cargo ao programa +Música 2026. (Expte.- 2026022862).
4. Dar conta da oferta presentada pola empresa Quireza Events, S.L. (B56780372) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación do patrocinio publicitario do festival Galicia Fest 2026, a celebrar no concello de Vigo os días 26 e 27 de xuño de 2026. (Expte.- 2026040344).
5. Dar conta da oferta presentada pola empresa Reimaginando Corporación, S.L. (B21959820) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación do patrocinio deportivo da proba fitness de renome internacional "DEKA Vigo 2026". (Expte.- 2026031361).
6. Dar conta da oferta presentada pola empresa Escudería Rías Baixas (G36645398) no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación do patrocinio deportivo "59 RALLYE RECALVI RÍAS BAIXAS". (Expte.- 2026043791).
7. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de catering do programa +CONVIVIR 2026-2027. (Expte.- 2026029043).
8. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de visitas teatralizadas para o castelo de Soutomaior e do castelo de Sobroso da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2025073243).
9. Apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante fórmulas, do procedemento aberto simplificado

convocado para a contratación das "Obras de cambio de cuberta e obras complementarias nunha das nave da Finca Mouriscade". (Expte.- 2024065962).

10. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da "Subministración e instalación de alumeado LED no Salón de Plenos do Pazo Provincial (Pontevedra)". (Expte.- 2022076068).
11. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación da "Subministración e instalación de alumeado LED no Salón de Plenos do Pazo Provincial (Pontevedra)". (Expte.- 2022076068).
12. Apertura electrónica do sobre único correspondente á documentación administrativa e á proposta avaliable mediante fórmulas, do procedemento de alleamento mediante poxa pública dun vehículo especial do Centro Vacacional da Lanzada ao final da súa vida útil para o seu tratamento, descontaminación, destrución definitiva en centro autorizado de tratamento (CAT). (Expte.- 2026030868).

O que lle participo ós efectos oportunos, pregándolle que se non pode asistir, teña a ben poñelo en coñecemento desta Secretaría.